

I PREMIO DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO RAMÓN BALTAR FEIJÓO 2018

A Fundación Rosalía de Castro convoca o Premio de investigación e ensaio “Ramón Baltar Feijóo” para contribuír ó fomento do estudo do período histórico relativo ó fondo documental que leva o seu nome e que foi depositado no Arquivo da Casa de Rosalía pola familia Baltar García-Peñuela, así como tamén para honrar os valores de protección e mecenado da familia para con Padrón, coa cultura galega en xeral e para con figuras de tanta relevancia coma Rosalía de Castro, Manuel Murguía ou Alfonso Daniel R. Castelao. O premio terá carácter bianual.

BASES:

-Poderán concorrer ó I PREMIO DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO RAMÓN BALTAR FEIJÓO todas aquelas obras de ensaio ou investigación publicadas ó longo dos anos 2016 e 2017, sexan libros ou documentais.

-Estes traballos deberán estar en relación con algún aspecto do fondo documental, sexa cronolóxico e que vaia do Rexurdimento á Xeración Nós, ou sexa temático: historia e literatura deste período ou referida a Padrón.

-As obras poderán ser presentadas a concurso tanto polas editoriais ou produtoras como polos membros do xurado constituído. O prazo de presentación rematará o 30 de xuño de 2018.

-O xurado será designado pola Fundación entre personalidades do mundo da cultura e membros da propia institución. Actuará como secretario do premio o secretario da Fundación.

-O xurado reunirse ó longo do segundo cuadrimestre do ano 2018 e a súa decisión será inapelábel.

-A entrega do premio, que será honorífico (diploma e insignias da Casa de Rosalía), terá lugar no transcurso dun acto literario a celebrar no auditorio da Fundación Rosalía de Castro.